

IPHIXENIA

NA PORTA DO SÚPER

UNIDADE
DIDÁCTICA

PARA
2º CICLO E.S.O.
e
BACHARELATO

HUMANA

A protagonista do noso espectáculo chámase Iphixenia, "Ifi", como adoita a grafitear nas paredes e paradas do seu barrio. É unha rapaza de vinte e poucos anos, que non estuda nin traballa. Unha moza de clase baixa que vive coa súa avoa e que pasa o día na rúa intentando pasar o tempo nun bucle de resacas. É esa persoa que atopas na porta do supermercado agardando conseguir unha moeda pero que non queremos ver. En certo modo, a pesar de cruzarnos con ela tódolos días, resulta invisible aos nosos ollos, non queremos saber nada da súa vida. E a vida de Ifi garda moitas sorpresas.

Quen é IPHIXENIA?



Coñeces o mito de Iphigenia?

Iphigenia é un personaxe da mitoloxía da Grecia clásica. Era a filla do rei Agamenón, que por aquela estaba embarcado na guerra contra Troia. As súas historias foron narradas primeiramente por Eurípides na obra "Iphigenia en Áulide". Nela cóntase como o exército grego fica bloqueado na cidade de Áulide por mor da calma chicha que lles impide partir cos seus barcos cara Troia. Un oráculo dille a Agamenón que debe ofrecer aos deuses o sacrificio da súa filla para que os ventos lle sexan propicios. Iphigenia acepta finalmente o seu destino e o sacrificio da súa vida para evitar que continúe a desgraza do seu pobo e males maiores á súa familia. A lenda conta que no último momento, a deusa Artemisa, substituíu a Iphigenia por unha cerva.



Por que fixemos este espectáculo?

Na Compañía Humana decidimos facer un espectáculo que falara da importancia dos servizos públicos, sobre todo a Sanidade. De como todas as persoas que formamos a nosa sociedade somos importantes e temos un papel que xogar dentro dela. O texto orixinal deste espectáculo, do autor galés Gary Owen, fai un paralelismo entre esta "Ifi" que vive ó noso carón en calquera vila ou cidade coa Iphigenia clásica. Unha rapaza, que a pesar de estar marxinada, decide sacrificarse polo ben común, para que outras persoas non teñan que sufrir o que ela. Unha lección moral de quen non agardamos que nos invita á reflexión sobre o noso comportamento e sobre as nosas prioridades como sociedade.

ACTIVIDADES

ANTES DE IR Ó TEATRO

Preguntas para hacer na aula:

- Fostes algunha vez ao teatro?

Mediante estas preguntas intentaremos averiguar a experiencia previa do alumnado co teatro. Que tipo de obra foi ver, se lle gustou, que lle chamou a atención, con que frecuencia vai e se forma parte das súas actividades de ocio, mesmo se fan elxs memxs teatro.

- Sabedes o que son as artes escénicas?

Esta cuestión pretende contextualizar o teatro dentro das denominadas artes escénicas que son maiormente: o teatro, a danza, a música, a ópera, o circo, a maxia e a performance, entre outras.

- Coñeces algún sitio onde se poida ver teatro?

Podemos descubrir o que saben da oferta cultural da súa vila ou cidade e indicarlles, de non ser o caso, lugares onde hai programación de artes escénicas para ir ver espectáculos.

ACTIVIDADES

ANTES DE VER O ESPECTÁCULO

Debate co alumnado:

- Sabedes que son os Servizos Públicos e como funcionan?

Possible actividade en grupos: buscar e listar os principais servizos públicos tanto estatais como autonómicos. Mediante esta actividade entenderán mellor o funcionamento xeral da nosa sociedade.

- Credes que ten que haber unha Sanidade Pública? Por que?

Pódese organizar un debate en dous grupos no que un deles defenda e argumente unha posición e o outro o faga coa contraria.

- Coñeces os sistemas de saúde doutros países?

Mediante as experiencias propias de alumnado migrante ou mediante a procura de información descubrirán o preciado do noso sistema público de saúde.

Procura de información:

Nesta actividade individual ou en grupo o alumnado ten que buscar información pola súa conta en relación co mito de Iphigenia.

Complementariamente aprenderán a estrutura social da Grecia Antiga, os seus deuses e valores, así como autores da literatura clásica.

ACTIVIDADES

DURANTE
O ESPECTÁCULO

Que facer e que non facer

Explicarémolles como se deben comportar durante o espectáculo. O silencio e a atención, apagar ou silenciar os móbiles, non alumear as pantallas durante a función, non molestar a quen temos ó lado, respectar o traballo das actrices. Rir, interactuar se así nolo piden, emocionarse, aplaudir moito!

Coloquio post-función coa actriz

Podemos levar preparadas algunhas preguntas para despois do espectáculo pero de seguro que a elxs se lles ocorren moitas cousas inesperadas. Estás dacordo coa decisión de Iphixenia? Ti que farías? Coñeces a alguén no teu barrio parecido? Por que lle pasou iso a Ili?

ACTIVIDADES

DESPOIS DO ESPECTÁCULO

Temas que aparecen na obra

A partir do espectáculo podemos lanzar cuestións sobre algúns temas que aparecen na obra:

- Que papel xogan as drogas na vida de Ifi? Que consome, por que as consome, e que consecuencias ten?
- Por que vive Ifi marxinada? Ten que ver coa súa educación? Coa súa familia? Coa súa economía? É unha decisión propia?
- Decidiu Ifi quedar embarazada? Que opinas do aborto? Sabes como funcionan as leis a ese respecto no noso país e noutros?
- Que tipo de familia ten Ifi? Cal é a relación coa súa avoa? Que papel xogan os nosos maiores na sociedade?
- Que opinión che merecen as demais personaxes: a nai foca, Gema, Andrés, a súa amiga Silvi... Cambiou a túa opinión durante a obra?
- Coñeces a alguén que pida cartos? Por que o fai? Pareceche ben?
- Por que cres que se parecen as historias do mito de Iphigenia e a historia da nosa Ifi?

ACTIVIDADES

DESPOIS DO ESPECTÁCULO

Final alternativo para Ili

Podedes discutir na clase se ese é un final xusto para a protagonista, como imaxinamos a súa vida despois, e pensamos outros finais alternativos para o espectáculo.

Inventamos unha historia parecida

En grupos: a partir dun mito clásico buscar unha situación actual coa que garde paralelismos e inventar unha historia con personaxes e logo explicala na clase.

Representamos unha escena

O alumnado prepara unha escenificación dun fragmento da historia que inventaron utilizando os elementos propios do teatro: vestuario, escenografía, diálogos, etc.

BIBLIOGRAFÍA E MATERIAIS DE APOIO

SERVIZOS PÚBLICOS EN ESPAÑA

https://www.agenciatributaria.es/AEAT.educacion/Profesores_VT1_es_ES.html

RECURSOS SOBRE MITOLOXÍA GREGA

<https://www.educaciontrespuntocero.com/recursos/mitologia-griega-mitos-leyendas/>

O MITO DE IPHIGENIA EN ÁULIDE

<https://revistas.ucr.ac.cr/index.php/kanina/article/download/31949/31680>

O ESTADO DA SANIDADE PÚBLICA EN ESPAÑA

<https://blogs.publico.es/vicenc-navarro/2022/11/30/los-mayores-problemas-de-la-sanidad-publica-espanola-causa-y-consecuencias/>

TRABALLAR A PREVENCIÓN DAS DROGAS

https://www.navarra.es/NR/rdonlyres/F5BF48B8-F8B3-4110-A8B9-FADBEB007CB7/225459/materiales_educativos.pdf

COMO INCLUIR O TEMA O ABORTO NA EDUCACIÓN?

<https://www.ippf.org/sites/default/files/2017-02/C%25C3%25B3mo%2520incluir%2520el%2520tema%2520del%2520aborto%2520en%2520la%2520educaci%25C3%25B3n%2520-%2520Puntos%2520esenciales.pdf>

QUE SON AS ARTES ESCÉNICAS?

<https://www.esaem.com/noticias/que-son-las-artes-escenicas/?amp>

IPHIXENIA

NA PORTA
DO SÚPER

de Gary Owen



*"Fai que o público
teña ganas de rir,
de chorar e de empezar
unha revolución"*

Xurado do Festival de Edimburgo

Interpretación

Alba Caneda

Dirección

Sara Rey

Espazo escénico

As dúas e punto

Espazo sonoro

Marcos Grandal

Producida pola compañía:



Subvencionada por:



AGADIC



Axencia Galega das
Industrias Culturais

Colabora:



IPHIXENIA
na porta do súper

**ALBA
CANEDA**

Actriz protagonista



IPHIXENIA
na porta do súper

SARA REY

Dirección



IPHIXENIA
na porta do súper

**MARÍA TORRES
CARMEN CASAL**

(As dúas e punto)

Espazo escénico
e iluminación



IPHIXENIA
na porta do súper

**MARCOS
GRANDAL**

Espazo sonoro



HUMANA

FICHA ARTÍSTICA

Interpretación:

ALBA CANEDA

Dirección escénica:

SARA REY

Espazo escénico:

AS DÚAS E PUNTO
(C. Casal e M^a Torres)

Iluminación:

AS DÚAS E PUNTO
(C. Casal e M^a Torres)

Vestuario:

COMPAÑÍA HUMANA

Espazo sonoro:

MARCOS GRANDAL

Texto orixinal:

GARY OWEN

Tradución ó galego:

COMPAÑÍA HUMANA

Adaptación escénica:

FRAN PELETEIRO e ALBA
CANEDA

Compañía Humana Tempada 2022-23

IPHIXENIA

NA PORTA DO SÚPER

PRODUCIDO POLA COMPAÑÍA

HUMANA

Contacto distribución:
(+34) 610975158
companiahumana@gmail.com

COA AXUDA Á CREACIÓN ESCÉNICA DE

AGADIC



Axencia Galega das
Industrias Culturais



**XUNTA
DE GALICIA**



Xacobeo 21-22

AGRADECIMENTOS ESPECIAIS

Ao Concello de Gondomar pola colaboración na residencia técnica; a José Faro "Coti" pola súa xenerosidade; a Eire García e Iván Castiñeiras por deixarnos material técnico; a Alex Sobrino polo seu traballo; e, por suposto, á familia por darnos soporte indispensable de todo tipo.